



---

## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

### MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE A ADECUACIÓN DAS FUNCÍONS ENCOMENDADAS AO POSTO DE TRABALLO DE COORDINADOR DEPORTIVO E O NIVEL DO POSTO DE TRABALLO.

---

O día 15 de xullo publicáronse no BOP de A Coruña as bases da convocatoria de coordinador de actividades deportivas. Nas funcións que se lle encomenda a esta praza están :

- Coordinar as diferentes actividades deportivas organizadas polo Concello, así como a utilización das instalacións deportivas municipais por outras entidades públicas ou privadas.
- Colaborar na tramitación dos expedientes de concesión de subvencións e axudas de carácter cultural, educativo e deportivo que deban resolver os órganos competentes da Corporación.
- Tramitar os expedientes de solicitude de axudas e subvencións doutros organismos para financiar actividades a levar a cabo polo Concello.

Non teríamos nada que obxectar senón fora porque non nos parecen funcións propias do grupo ao que esta asimilada esta praza por titulación de acceso. Entendemos a necesidade de auxiliares nos distintos departamentos que compoñen este concello, pero non nos parece propio que lle asignen funcións, xa na convocatoria da praza, que non se lle corresponden. Este tipo de actuación comporta por unha parte que se lle asignan ao persoal funcións e responsabilidades que non se lle están pagando, e por outro que se desorganizan os departamentos mesturando as funcións dos técnicos e dos auxiliares.

En resumo, se o que necesita o departamento de deportes é un técnico, convóquese a praza como tal e pégueselle a persoa seleccionada segundo o seu nivel, e se o que se necesita é un auxiliar para ese departamento cambien as funcións que non son as adecuadas para ese posto de traballo.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Modificar as bases da convocatoria da praza de coordinador de actividades deportivas para adecuar as funcións encomendadas a esta praza ao nivel formativo esixido para o acceso, e o salario que leva aparellado.

En Teo, a 26 de xullo de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO